



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
03.06.2021

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 03.06.2021

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 14:15

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
Garrido Valenzuela, Javier
Graña Nogueiras, Jesús
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pedrosa Silva, Ernesto
Piñeiro Rivas, Juan Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Santamaría Conde, Juan José
Souto García, Raquel María
Vázquez Reboredo, Ana Isabel
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel
Zunzunegui Garrido, Natalia

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Casares Mouriño, Francisco Javier
Figueroa Vila, José Manuel

NON PARTICIPARON

Barata Quintas, Daniel
Cebro Rodríguez, Xoán
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 3 de xuño de 2021, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (24.03.2021).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do reitor.
- 4.** Informe sobre a posición da UVigo no ranking de Transparencia das universidades.
- 5.** Informe que proceda sobre as declaracións de interese de verificación ou modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento. (Consello de goberno de 29.04.2021):
<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>
- 6.** Informe sobre a creación dos novos centros da Facultade de Dirección e Xestión Pública, da Facultade de Deseño e da Facultade de Relacións internacionais. (CG 12.03.2021).

Informes e acordos da Comisión Executiva (reunión do 19 de maio de 2021)

- 7.** Novo Regulamento dos programas de formación permanente e títulos propios da Universidade de Vigo.
- 8.** Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da UVigo para estudantes, no curso 2021/2022. (CG 12.03.2021).
- 9.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Campus Camp 2021, previstos nos tres Campus entre o 23 de xuño e o comezo do curso escolar en Educación primaria.
- 10.** Incorporación de remanente libre para estadias investigadoras.
- 11.** Informe sobre a creación do Centro interuniversitario ECOBAS. (CG 14.05.2021).
- 12.** Aprobación, se procede, da incorporación da UVigo á agrupación sen ánimo de lucro "SIGMA-AIE". (CG 29.04.2021).
- 13.** Aprobación, se procede, da participación da UVigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga). (CG 29.04.2021).
- 14.** Informe sobre a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da Universidade de Vigo. (CG 14.05.2021).
- 15.** Resumo outros acordos. Cursos, taxas e memorias finais.

Propostas informadas favorablemente, axudas e patrocinios aprobados pola Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 30 de abril de 2021)

- 16.** Participación do Consello Social na produción e distribución de material impreso de acollida aos alumnos da UVigo para o curso 2021/2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
- 17.** Delegación no presidente do Consello Social da aprobación inicial das bolsas-colaboración adxudicadas polo Ministerio de Educación á Universidade de Vigo, para o curso 2021/2022, debendo dar conta ao Pleno na primeira reunión posterior.
- 18.** Outros acordos.
- 19.** Informe que proceda sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos públicos e académicos no SUG para o curso 2021/2022.
- 20.** Aprobación, se procede, dos prezos dos cursos de Extensión Universitaria previstos nos tres campus.
- 21.** Aprobación, se procede, da proposta de distribución inicial das bolsas-colaboración asignadas á UVigo para o curso 2021/2022.
- 22.** Convenios asinados pola Universidade de Vigo en marzo e abril de 2021.
- 23.** Rogos e preguntas. Juan Santamaría solicita a implantación na UVigo dun Protocolo universitario de control de Cumprimento (Compliance).



Agradece o presidente a asistencia a este noveno pleno a distancia consecutivo, e traslada o desexo de volver aos plenos presenciais tan pronto sexa posible, se ben cualifica como positiva e proveitosa a experiencia das reunións telemáticas que permitiron, durante 2020 e ata a presente data, o funcionamento do Consello Social con case total normalidade no desenvolvemento das súas competencias e obrigas.

Asisten como invitados o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos (para informar nos puntos 5 e 6), e o coordinador da Unidade de Análises e Programas, David Basalo (para dar conta do punto 4). A ámbolos dous agradécelles o presidente de xeito expreso a súa participación.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (24.03.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Afirma Ernesto Pedrosa que a orde do día revela "certa volta á normalidade, polo retorno de asuntos desaparecidos o pasado ano", e advirte que asoman reformas que se levaba tempo reclamando e agora asoman a "grande velocidade", citando a Lei orgánica do sistema universitario que se está a elaborar e os cambios que traerá, a modo de exemplo, na xestión dos Campus, na dixitalización e na recualificación do persoal.

O presidente sinala que as universidades veñen de facer un "enorme esforzo" durante a pandemia. "Ensinar e aprender nesas circunstancias foi un reto e nese escenario disruptivo producíronse cambios, tamén nos comportamento, que quedarán entre nos". Apunta a modo de exemplo que son máis os estudantes que elixen estudos pensando na empregabilidade, e que a flexibilidade e a rapidez son imprescindibles para acompañar as demandas de novas profesións, ou que o interese polo coñecemento e a investigación que produce a universidade debe converterse en economía produtiva.

Neste mesmo capítulo incide na importancia de rendición de contas. "Sexa benvido todo esforzo que se faga para que a sociedade saiba do uso dos recursos públicos", manifesta, e subliña que o punto 4 é unha resposta a mellorar non só a difusión Aberta dos datos senón tamén a que os cidadáns os entenden "porque a transparencia está asociada á calidade democrática". Recoñece o presidente que a UVigo está a facer un "excelente" traballo nesta dirección ao situarse como unha das universidades máis transparentes de España.

Destaca tamén os puntos 5 e 6 e a especial atención que se debe prestar ás novas titulacións e a actuar con axilidade e prestar máxima atención ás necesidades cambiantes que se están a producir. Interésase polas perspectivas dos Graos abertos na UVigo.

Sobre o comportamento da UVigo durante a pandemia cita varios titulares aparecidos nos medios de comunicación, entre eles que sete de cada dez estudantes acabaron o curso satisfeitos pese ao confinamento; que os estudantes suben a nota aos profesores por desempeño nas aulas, ou que medrou a valoración global da institución respecto do curso 2018-2019.

Remata Ernesto Pedrosa informando que a Conferencia de Consellos Sociais está a traballar na redacción dunha guía que oriente a elaboración de planos de auditoría interna nas universidades públicas, da que dará conta tan pronto se materialice.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Principia Manuel Reigosa amosando a condolencia polo pasamento da ex-parlamentaria e ex-conselleira socialista de Vigo Isaura Abelairas, á que se sumarán o presidente e outros conselleiros ao longo da sesión por distintas vías. Tralo pésame, o reitor dá resposta a dúas suxestións de Juan José Santamaría, anunciadas en Rogos e preguntas do pasado pleno, que se refunden no rogo de que "se implante na Universidade de Vigo, xa se verá se na Universidade ou no seu Consello Social como órgano



de participación da sociedade, un Protocolo universitario de Control de *Cumprimento (Compliance)* que pode ser levado a cabo por unha persoa responsable ou, neste caso, mellor por un órgano Colexiado. Para isto precisaríanse só tres titulados superiores expertos en informática, dereito e xestión de organizacións, ben sexa en Economía ou en Administración de Empresas. O chamado *Corporate Compliance* estase comezando a implantar tamén nas Administracións e outras Entidades Públicas como instrumento eficaz en favor do cumprimento normativo e da prevención dos riscos tecnolóxicos. Sen o *Digital Compliance* o *Corporate Compliance* é papel mollado e, así, non exonera de responsabilidade”.

Principia respondendo o reitor que a UVigo ten neste momento unha forte aposta polos servizos dixitais para ser máis útil á cidadanía e á comunidade universitaria, e subliña tres accións de principal relevancia: os servizos da sede electrónica (o 84% dos documentos que se presentan ante a institución chegan por esa vía), o sistema propio de videoconferencia e a plataforma Moovi. Despois de mencionar cuestións referidas á seguridade, manifesta que moitas destas ferramentas, desenvolvidas en tempos de pandemia, “van permitir acelerar a transformación dixital da UVigo...e achegarnos a máis alumnado, incluso en outros países”.

En canto ao rogo exposto explica como é a situación actual, basicamente a intervención da Asesoría Xurídica, que avalía todas as medidas que se toman, e Control Interno, que analiza todas as actuacións con contrapartidas económicas. Respecto á posibilidade de crear un novo servizo que inclúa a estes dous, Reigosa engade que, considerando a RPT actual, non hai posibilidades de facelo a curto prazo. Si comprométese, á vista da próxima modificación profunda da RPT actual, a que os axentes implicados a contemplan e a solicitar os informes necesarios sobre a súa viabilidade.

Juan José Santamaría agradece, a través do chat, a reflexión do reitor e lembra o longo camiño para mellorar os mecanismos de control interno e de loita contra o fraude.

No resto do seu informe, Manuel Reigosa dá conta das negociacións sobre o mapa de titulacións e o acordo sobre os marcos xerais (cualificando de “boa” a posición da UVigo), e sobre o Plan de financiamento que espera ver rematado en setembro (estimando que a proposta de partida das Consellerías implicadas “é boa” e que as tres universidades teñen unha posición unánime).

Informa de que está asinado o acordo sobre Intelixencia Artificial, cun Grao que terá dous cursos en común e dous de especialización nos Campus de Ourense, Santiago e Coruña, agardando que o Concello de Ourense ceda un edificio para acoller a titulación.

Así mesmo notifica o convenio asinado para o Programa Universitario de Maiores, coa implicación da Consellería de Política Social, e outros asuntos relativos á CRUE (entre eles o debate sobre a obrigatoriedade de ser catedrático para optar a reitor, no que ve unha posición “inmobilista”); e ao Consello de Universidades reunido por primeira vez dende 2018, no que se falou de fondos europeos e de iniciativas lexislativas (entre elas o recoñecemento de universidades públicas e privadas, a convivencia do alumnado e as sancións, a homologación de títulos estranxeiros e da futura LOSU).

PUNTO 4

Informe sobre a posición da UVigo no ranking de Transparencia das universidades.

Intervén David Basalo, agradecendo a oportunidade de presentar o Informe ante o Pleno, e adiantando que a UVigo, segundo os datos de 2020, é actualmente unha das tres (todas igualadas en puntuación) máis transparentes das 79 universidades españolas, e que dende 2018 aumentou a súa transparencia de xeito moi relevante. Con gráficas e titulares describe como se avalía a transparencia e os indicadores, as obrigas e os principais informes de avaliación que elaboran a Fundación Compromiso e Transparencia e a Plataforma Dyntra e que debulla polo miúdo. Dedicada a segunda parte da exposición a analizar o papel influente que ten o Consello Social para o cumprimento dos indicadores, xa que debe cumprir requisitos específicos para que a universidade acadese maior puntuación. Expón os indicadores cumpridos en 2020, fundamentalmente a creación dunha nova páxina de Responsabilidade Social e Transparencia, que amosa na web, de xeito agrupado, toda a información exixible. Adverte que unicamente queda pendente un Informe de actividades, no que se está a traballar. O secretario, Ignacio Rodríguez, engade que o informe estao elaborando o conselleiro Jesús Graña, antigo responsable do Servizo de Control Interno da UVigo, e que estará listo para que se poida recoller no seguinte informe de avaliación.

O presidente agradece a didáctica explicación feita por Basalo, e recoñécelle o traballo feito para que a UVigo se sitúe nesa posición de liderado en transparencia.



PUNTO 5

Informe que proceda sobre as declaracións de interese de verificación ou modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento. (Consello de goberno de 29.04.2021):

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Toma a palabra o vicerreitor Manuel Ramos para informar sobre cada unha das novas propostas (dous Graos e catro Mestrados) e o mesmo sobre as propostas de modificacións menores (dous Graos, tres Mestrados e dous Programas de doutoramento). Aclara que se trata dunha primeira presentación, que as memorias aínda están en trámite e que a relación definitiva volverá ao Consello Social a finais de xullo, antes de que remate o prazo de presentación. Comenta que non hai moitas propostas porque se está a negociar o mapa de titulacións, e avanza que probablemente o Máster en Química Sanitaria sexa aprazado un ano.

Por segundo Pleno consecutivo, Elena Añel amosa a súa preocupación polos atrancos que está a ter a implantación do Máster en Enxeñaría Aeronáutica, e do risco que corren os titulados no Grao de Enxeñaría Aeroespacial no vindeiro curso, de non poder acceder a continuar os seus estudos no Campus de Ourense. Pregunta que perspectivas hai. Na mesma liña pronúnciase Yolanda López, argumentando a preocupación empresarial que ten o sector aeronáutico en Ourense con esta carencia e coas perspectivas de que a terceira promoción do Grao siga sen unha saída natural. Pide un compromiso neste tema.

O reitor aclara que a Escola de Aeronáutica de Ourense e a Escola de Enxeñaría da Camiños de A Coruña están dando pasos, con acordos xa como que o primeiro ano completo se faga en Ourense e o segundo se reparta entre as dúas universidades. Entende que o que queda por facer debería arranxarse nunhas semanas, polo que se a Memoria estivera rematada, podería implantarse xa, porque nas distintas instancias implicadas hai dispoñibilidade e intención declarada de facelo. Transmite así mesmo que a relación co equipo reitoral da A Coruña é boa neste tema, pero a Escola viuse afectada nalgún momento polo proceso electoral e a chegada dun novo equipo.

Pregunta Xosé Manuel Atanes que especializacións se prevén no Grao de Deseño, tendo en conta que en Galicia hai escolas superiores de Deseño. Aclara Manuel Ramos que a proposta de Grao contempla dúas mencións, unha de Moda e Deseño e outra de Deseño gráfico e dixital.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 6

Informe sobre a creación dos novos centros da Facultade de Dirección e Xestión Pública, da Facultade de Deseño e da Facultade de Relacións internacionais. (CG 12.03.2021).

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado describe o complexo proceso que debe seguir a creación de centros novos, anticipando que precisarán do informe do Consello Social cando estean as memorias rematadas, isto é nunha das próximas sesións plenarias. A partires dese paso deberán seguir a tramitación noutras varias instancias. Esclarece as titulacións que acollerá cada centro, dous dos cales implantaranse en Pontevedra e o de Relacións Internacionais en Ourense. Ramos e Reigosa dan conta das previsións e das negociacións que se están dando para fixar a localización concreta de cada un deles.

- ***O Pleno dáse por informado.***

Sintetiza o presidente que os puntos 7 a 15 inclusive teñen a aprobación ou informe favorable da Comisión Executiva, e toda a documentación precisa consta en cada unha das carpetas que se remitiron aos asistentes, e que todos os puntos poden ser consultados no resumo que se entrega no punto 15 polo que, en aras da operatividade e axilidade, serán enumerados e as posibles quendas de palabra pediranse sinalando o punto concreto que se trate.

PUNTO 7

Novo Regulamento dos programas de formación permanente e títulos propios da Universidade de Vigo.

Ernesto Pedrosa fai unha breve introdución para transmitir que este documento comporta un profundo cambio no papel que estaba a xogar o Consello Social respecto dos títulos propios e as responsabilidades que viña asumindo nos últimos anos. Dende que se aprobe, só exercerá a competencia



recoñecida de aprobar as taxas, cuxa proposta global para cada unha das diferentes ensinanzas remitirá a universidade no seu momento.

Juan José Santamaría entende que o documento fai referencia a un artigo da LOU que non está en vigor ao ser substituído pola Lei 4/2007 de 12 de abril. Solicita que os escritos con referencias legais pasen pola Asesoría xurídica para velar polo cumprimento normativo.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da UVigo para estudantes, no curso 2021/2022. (CG 12.03.2021).

- ***Apróbase.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Campus Camp 2021, previstos nos tres Campus entre o 23 de xuño e o comezo do curso escolar en Educación primaria.

- ***Apróbase.***

PUNTO 10

Incorporación de remanente libre para estadias investigadoras.

- ***Apróbase.***

PUNTO 11

Informe sobre a creación do Centro interuniversitario ECOBAS. (CG 14.05.2021).

- ***Ratifícase o informe favorable.***

PUNTO 12

Aprobación, se procede, da incorporación da UVigo á agrupación sen ánimo de lucro "SIGMA-AIE". (CG 29.04.2021).

- ***Apróbase.***

PUNTO 13

Aprobación, se procede, da participación da UVigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga). (CG 29.04.2021).

- ***Apróbase.***

PUNTO 14

Informe sobre a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da Universidade de Vigo. (CG 14.05.2021).

Intervén Emilio Zunzunegui para matizar que a modificación ven avalada polo comité de empresa do PAS laboral de Pontevedra, e engade a xerente, Raquel M^a Souto, que foi negociada cos comités e que a parte social abstívose no Consello de Goberno.

- ***Ratifícase o informe favorable.***

PUNTO 15

Resumo outros acordos. Cursos, taxas e memorias finais.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 16

Participación do Consello Social na produción e distribución de material impreso de acollida aos alumnos da UVigo para o curso 2021/2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

A resultados da experiencia recollida en anos anteriores, informa o presidente que dende a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais propónse que para o vindeiro curso 2021-2022 se elabore e entregue só unha axenda máis completa, con mapas, localizacións e contactos de servizos universitarios e toda a oferta de Grao e Posgra, que se achegaría ao alumnado por diferentes condutos aparte dos actos de acollida, incorporando ao patrocinio da publicación ás principais institucións dos tres Campus, e na que o Consello Social manterá a súa presenza e a súa imaxe.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 17

Delegación no presidente do Consello Social da aprobación inicial das bolsas-colaboración adxudicadas polo Ministerio de Educación á Universidade de Vigo, para o curso 2021/2022, debendo dar conta ao Pleno na primeira reunión posterior.

Ernesto Pedrosa aclara que naquel momento pediuse a delegación dados os imponderables e a imprevisión das datas da convocatoria, da présa dos prazos para remitir as propostas e da loxística do calendario de reunións do Consello Social, e do compromiso de informar na primeira reunión que se convoque, e en todo caso no Pleno, ao que se dá cumprimento no punto 21 da orde do día.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 18

Outros acordos.

Recóllense neste punto os asuntos aprobados e tratados dentro da Comisión que non precisan da aprobación directa do Pleno, pero si responden ao compromiso de mantelo puntualmente informado de cantos acordos se adoptan nas distintas comisións delegadas, Executiva, da Actividades e Servizos ou Económica.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 19

Informe que proceda sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos públicos e académicos no SUG para o curso 2021/2022.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 20

Aprobación, se procede, dos prezos dos cursos de Extensión Universitaria previstos nos tres campus.

Consonte a documentación que se achega, serán tres os cursos a impartir no Campus de Pontevedra, seis no Campus de Ourense e catro no Campus de Vigo.

- ***Apróbanse os prezos.***

PUNTO 21

Aprobación, se procede, da proposta de distribución inicial das bolsas-colaboración asignadas á UVigo para o curso 2021/2022.

Informa o secretario da aplicación de criterios e da ponderación para a asignación aos departamentos solicitantes, e aclara que se trata dunha distribución inicial que será elevada a definitiva en outubro, cando se coñezan as vacantes que se puideran producir respecto desta fase inicial, e aos candidatos en espera de poder ocupalas. Comenta así mesmo que na documentación entregada figura un resumo da evolución do número de bolsas solicitadas en total e por departamentos durante os últimos anos, así como as solicitadas e concedidas a cada Campus e a cada ámbito de coñecemento. O



presidente agradece o traballo feito polo secretario, que fai extensivo á xestión realizada para desenvolver a actividade do día a día do Consello Social. Vista a documentación referida a este punto e as explicacións,

- *O Pleno dá a aprobación.*

PUNTO 22

Convenios asinados pola Universidade de Vigo en marzo e abril de 2021.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 23

Rogos e preguntas. Juan Santamaría solicita a implantación na UVigo dun Protocolo universitario de control de Cumprimento (Compliance).

Xosé Manuel Atanes manifesta que a universidade privada (Universidade Intercontinental da Empresa, UIE) impulsada por Afundación foi aprobada no Parlamento cos votos do PP, e con BNG e PSdeG en contra. Advirte que "ábrese a veda" por ter xurdido xa unha segunda proposta de universidade privada en Galicia, que se deu a coñecer hai uns días. Afirma Atanes Limia que se trata dunha agresión ao ensino público, e fai un chamamento a participar nos actos de protesta que promove a Plataforma en defensa da universidade pública.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 3 de xuño de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias